

Megaminaría en Touro



**Mina para hoxe,
fame para mañá**

A foto que fala

A dereita gañou as eleccións en Colombia. Herda un país “en paz”, pero con case 6 millóns de persoas desprazadas e cun índice de pobreza do 27%.



O trasno Os do crucifixo

Daniel López Muñoz



Pasou todo rápido e “o tal Sánchez” compuxo un goberno que, pola falta de costume (afeitos a Zoidos e saturados de Báñeces), sorprendeu gratamente pola traxectoria e competencia dos seus ministros e sobre todo ministras. Elas non están pola “cota”, nin de figurantes, nin complementando a foto. Elas asumen o sólido, o técnico, o “serio” da xestión da cousa pública. A cada quen o seu.

Agora xa foi quedando o vento, pero chamaron a atención detalles varios, como a promesa do cargo sen símbolos relixiosos, sen crucifixos. Sabemos que o crucifixo pódese coller

tende a facerse espada. E moitos crucifixos se teñen arreado na historia, mi madriña. O nacional catolicismo, sen irmos máis lonxe, foi a última cruzada. E rodaron vidas e cabezas.

O curioso é que os do crucifixo de agora, de abaixo arriba, en continuidade histórica cos do crucifixo de non hai tanto, de arriba abaixo, eran e son, por exemplo Camps e compañía. Tamén os tres “novios de la muerte”, que son como o trío lalala, pero en lexionario e que introducen unha variante non exenta de interese, ao colleren o crucifixo en horizontal. O caso é que Camps e compañía, os que lle organizaron a Ratzinger un evento sen

de abaixo arriba ou de arriba abaixo. O mellor é respectalo, porque representa como mínimo a pena de morte dun xusto, e non “collelo”, non convertelo en instrumento. Cando se colle de abaixo arriba faise bandeira e se se colle de arriba abaixo

par e de paso poder defraudar unha boa presa de cartos públicos, foron eses mesmos días obxecto de axuízamento e sentenza por corrupción e malversación e o tal Camps só librou pola lamentable lentitude da xustiza.

Camps, daquela, surfeando o efecto Ratzinger veu a Compostela, co crucifixo de bandeira, e facendo ostentación pública da súa catolicísima comunión. E os bispos e arcebispo encantados. “Ese si es un buen ejemplo”, comentaban.

Agora, os do estado laico, deciden como primeira medida acoller a 629 refuxiados que ninguén quería, nun barco da desesperación, con mulleres preñes e meniños deshidratados. E “dimiten” en sete días a un ministro dos seus que ocultara o seu fraude fiscal.

E, outra volta, a cada quen o seu. Porque, reverendísimos señores, non é quen berra “Señor, Señor”. Máis ben, visto o visto, é ao revés, sobre todo se o berra no espazo público, con fachenda, ostentación e moito crucifixo. Daquela hai que maliciarse. Algo oculta, madia leva.

Editorial

Que ten o mar de Arousa, meu ben?

Con esta pregunta/verso de Lueiro Rei, convocouse unha das Romaxes de *Irimia*, a que facía o número 34, no monte Xiabre, co mar de Arousa abríndose ante os nosos ollos.

É unha pregunta contemplativa, que non procura resposta, que expresa abraio pola bonitura da ría, pero que podería chegar a ser en cousa de anos un salaio, un berro de indignación, unha pregunta que si buscaría respostas e responsabilidades en quen deu luz verde ao proxecto, se é que a mina de Touro vai adiante. Ese é o asunto que traemos a este número de *Irimia*.

Todo vai parar a algures porque os ríos teñen a teima de morrer na mar

Porque todo vai para a algures, porque existe a lei de gravidade, porque os ríos, mesmo o Ulla, teñen a teima de morrer na mar.

A necesidade de minerais, polo consumo desbocado, está facendo que se consideren rendibles xacementos xa abandonados, ou mesmamente, espazos de interese mineiro

pero con pouca concentración de mineral que, antes, coas técnicas de extracción tradicionais e os prezos baixos, non era negocio explotar. Pero os prezos e as técnicas cambiaron e á chamada “megaminaría” non lle causa problema poñer de diante atrás e de arriba abaixo unha superficie inmensa, un concello enteiro, con tal de extraer algo dun mineral que cotiza a prezos antes impensables.

A megaminería como modelo non é sustentable. É unha agresión brutal, realizada por unha multinacional allea á terra que deturpa e sen máis interese que o beneficio. De verdade que podemos confiar en que o noso goberno ten a capacidade de controlar e atar en curto a unha multinacional? Estamos certos de que o interese común, o do pobo e a terra galegas, o do seu futuro prevalece sobre outros intereses compartidos, negociacións ocultas e afinidades ideolóxicas? Por que houbo secretismo?

En todo caso negativa a megaminaría é tamén un desafío para quen proteste na Quintana pero cambie de móbil cada segundo ano. Debería facernos cuestionar o noso modo de vivir, de gastar, de contaminar. Debería cuestionar as reticencias, as desculpas e as rebeldías contra as molestias de aplicar nas nosas vidas a tripla R: reducir, reutilizar e reciclar.

Porque se non temos pouco dereito a berrar.

Rumores de esperanza

Xan Guillén

“Traballar do que sexa, aínda que teña que limpar cus”. Esta expresión se cadra escoitáchela algunha vez. Eu coido que tamén a escoitei e non lle dei importancia nin transcendencia ata que lin a carta que se fixo viral (como se di agora) nas redes sociais. Nesta carta unha auxiliar de enfermía di que se sente orgullosa de ser unha “limpacús” e que é un traballo dignísimo.

Xusto no momento no cal escribo isto tiven que erguerme da cadeira para limpar o cu da miña nena pequena e pola tarde terei que ir a casa de meus pais para limpar o cu da miña nai. A

todos nos limparon o cu, se cadra todos limparemos cus e talvez vanche ter que limpar o teu.

Pero non é o mesmo facelo dende o cariño familiar que facelo profesionalmente. No caso da rapaza auxiliar de enfermía é un caso de profesionalidade que hai que tentar facelo con cariño e respecto cara á persoa que tes diante e cara á propia profesión. Porque limpar un cu é máis que unha medida hixiénica. É un recoñecemento da debilidade humana. É algo que non se pode facer só por cartos. Vivan todos os “limpacús”



1



3



2



4



A peneira

1

Comezou unha **COSTEIRA DO BONITO** moi minguada. De Burela só saíron seis barcos cara aos Açores, cando en tempos eran medio cento. A pesca galega do bonito é artesanal: ao corricán, peza a peza con anzol. O problema está nas artes que usan franceses e irlandeses, sobre todo, como o arrastre. Só en agosto de 2017 a lonxa de Burela subastou case 900 toneladas de bonito.

2

Do 1 ao 8 de xullo celébrase o San Simón **FIDDLE**, referencia mundial no violín folk, un campamento infantil na Illa de San Simón, no que se xuntarán 100 rapazas e rapaces de diferentes países. Esta sétima edición dedícase ás músicas árabes e contará co prestixioso violinista Akram Abdulfattah e a cantante Samah Mustafá, ambos palestinos.

3

Os nivel dos océanos segue aumentado a un ritmo 3 mm. ao ano, debido á queima de combustibles fósiles. Tan só nos EUA, mentres o presidente Trump se burla do **CAMBIO CLIMÁTICO**, calcúlase que pode afectar a máis de 300000 vivendas nos próximos 30 anos. No caso de Galicia a costa poderíase recortar en 60 metros de aquí ao 2100.

4

NACHO CARRETERO, autor de *Fariña*, gaña o premio Agustín Merello da *Comunicación "contra a censura"*. O xurado destaca especialmente o seu traballo xornalístico feito desde o rigor e o seu exercicio do xornalismo independente e libre. Mágoa que os xornais galegos non aposten por un profesional coma este.

5



7



6



8



Alfonso Blanco Torrado

5

Científicas do CSIC están a estudar as primeiras pegadas do **ANTROPOCENO** nas rías de Betanzos, Ares e Cedeira. Estanse a desenvolver os estudos relativos co cambio climático, e búscase entre os sedimentos destas rías os sinais que indiquen o inicio da acción do ser humano sobre a aceleración da mudanza global do clima.

6

En xullo arrincará o proxecto **LIFE REFOREST**, liderado por Galicia e Portugal e financiado pola Comisión Europea. Durará 36 meses e contará cun orzamento de máis de millón e medio de euros co obxectivo de desenvolver unha nova estratexia para mitigar a perda de solo asociada a episodios posteriores aos lumes forestais.

7

Coa chegada do verán aumenta a venda de xeados, un sector no que se está abrindo un oco a cooperativa da CAP Coruña coa súa marca **BICO DE XEADO**. A empresa abriu a súa primeira tenda no ano 2015 e xa está presente na meirande parte das cidades e vilas galegas. O ano pasado comercializaron 200000 litros de xeado e este ano agarda incrementar as súas vendas un 40% para chegar aos 280000.

8

Co verán Galicia énchese de **CITAS CULTURAIS**. A música, o deporte ou a literatura... convócanos na V Foliada Nordesía (20 e 21 de xullo en San Cibrao), no festival da Chaira (21 de xullo na Pastoriza), no II Certame Internacional de Pintura Mural Amarte (1-5 de agosto en Burela), nas Revenidas de Vilaxoán (17, 18 e 19 de agosto), na II Carreira nocturna de Rinlo (18 de agosto en Ribadeo), no 32º Festival de poesía do Condado (1 de setembro),... E así ata o infinito e máis alá!

Política

A transparencia, condición imprescindible de democracia

Pedro Pedrouzo Devesa



sen información,
somos vulnerables

Temos acceso a moita menos información da que pensamos. E sen información somos vulnerables. Estamos nun momento histórico no que temos que comezar a esixir datos, datos que existen e que nos indican como nos trata cada goberno.

Necesitamos saber canta poboación cómpre para que se decida pechar unha escola ou un centro de saúde, cantos nenos ten que haber para que incorporen un novo pediatra ou para que dispoñamos dun traballador social máis, cantos habitantes ten que haber para que se cree unha nova parada na liña de autobús ou se suprima unha estación de tren.

Deberíamos pedir que todos os datos relevantes para tomar determinadas decisións fosen públicos e accesibles. Debería mellorar a transparencia das decisións públicas e aumentar aquelas que se poidan aplicar automaticamente sen termos que depender do político que toque. Debemos despolitizar a Administración pública nos ámbitos nos que as decisións deben ser tomadas por igual para todos os cidadáns, sen importar onde viven ou a quen votan. Unha vez os nosos representantes decidan que nivel de prestacións públicas podemos asumir e en que condicións, debe ser a Administración quen execute o máis directamente posible esas instrucións e sempre de forma visible e accesible.

As leis da transparencia seguen a medio executar e os cidadáns segui-

mos sen poder avaliar se as decisións públicas que se toman responden a criterios obxectivos ou comenenciados.

Deben seguir estendéndose os sistemas mediante os cales podemos advertir ou avisar de forma inmediata de deficiencias nos bens ou servizos públicos. O uso dos móbiles permite coñecer hoxe os percorridos diarios dos habitantes dunha cidade. Con toda esa información, as rutas de transporte público poderían ser, evidentemente, moito máis realistas, cómodas e útiles.

Hai toda unha tecnoloxía que existe arestora, e que permitiría mellorar enormemente as prestacións nos servizos públicos ao trasladar ás administracións a información relevante dun cidadán de forma anónima, pero efectiva.

A cambio, hai toda unha serie de información pública que debe estar accesible aos cidadáns, para que saibamos por que hai lugares que, en condicións análogas, teñen diferentes prestacións públicas.

A transparencia atemoriza, pola virulencia coa que as redes sociais atizan de forma anónima a todo o que se move, pero ao mesmo tempo é a base para comprender o difíciles que son as decisións públicas. Ao político e ao xestor avísao de que non todo o monte é ourego. Aos cidadáns avísanos de que o traballo público é moito máis cuantioso e difícil de executar do que se cre desde fóra.



O peito común A TETA DO MANUELITO

Manuel Regal Ledo

Os días 8-10 de xuño cerramos o curso da Escola de Espiritualidade no mosteiro de Sobrado dos Monxes. A maiores de vernos e recrearnos na convivencia entre nós, na compañía dos monxes, na súa pregaría, na súa busca, no seu moderado vivir, tivemos a sorte de contar coa presenza de Rosana Hernández e de Luís Araguren de Madrid. Rosana, unha muller fráxil, excepcional, implicada en procesos de apoio a grupos de persoas con carencias psíquicas, é unha gran coñecedora e practicante do método U, que é unha metodoloxía para sacarlle partido creativo a situacións de destrución, de cascallos, de incerteza, tanto a nivel persoal como colectivo, tanto a nivel relixioso, eclesial, como a calquera outro nivel da vida e da realidade na que esteamos metidos. Quen queira ver ben de que vai esta interesante historia, se non ten a sorte de poder escoitar a Rosana, pode achegarse ao libro de Otto Scharmer titulado *Teoría U*.

O método, polo menos tal e como o empregaba Rosana, ofrece como un dos elementos imprescindibles dese percorrido o pasar do "egosistema" ao "ecosistema". E para explicar este transcendental cambio de modelo, púxonos un exemplo que quero compartir, un exemplo histórico impresionante pola súa simplicidade e fondura.

Cando Rosana traballaba no Perú, onde pasou moitos anos, coñeceu unha muller nova que tiña a súa nai con tuberculose a 24 horas de autobús normal. A súa nai tiña un neniño de meses, o Manuelito. E a



súa irmá decidiu ilo buscar para responsabilizarse da súa crianza. Chegou, falaron e ao día seguinte retorna á súa casa acompañada do Manuelito. Este ao pouco empeza a chorar desconsolado. Era de fame. A irmá non tiña con que mercar leite para el. No coche ían máis nais, cousa normal nunha poboación nova e fértil. Deseguida, sen negociación ningunha, o Manuelito foi pasando de teta en teta para as sucesivas tomas que necesitaba. A teta da nai, un dos maiores símbolos do "egosistema", convertido pola forza da solidariedade popular en símbolo do "ecosistema". Alí como algo elemental. Aquí algo que, en cousas máis ou menos semellantes, soamente a xente máis empobrecida é capaz de facer.

Quedámonos, logo, co Manuelito, aprendendo –homes e mulleres– a abrir a cabeza, o corazón, o peito, para dar a teta a quen o precise, sabendo que estamos a facer algo máis ca simple caridade. Quedámonos agradecendo que haxa xente que matina e matina para facilitar camiños humanizadores.

O CARRABOXO por ROBE LOIS





Falamos ultimamente de economía colaborativa. Contra as crises e as precariedades non hai solucións milagrosas, pero si imaxinativas, para emprender e dar resposta ás necesidades da xente dunha maneira sostible, posible para quen presta o servizo e para quen o precisa. Traemos hoxe ás páxinas de Irimia una experiencia do que se deu en chamar “co-working” e que parte de algo ben elemental: compartir os espazos e medios nos que se traballa, entre autónomos que conducen diferentes pequenas empresas e que, así, vanas facendo viables. Pero é máis ca iso. Falamos con Maite Doviso de Coworking-Vigo.

Hai en Galicia hai moitos espazos deste tipo?

Parece que vai habendo, pero, con todo, cando coñeces ben a filosofía do modelo coworking, caes na conta de que existen espazos que utilizan ese termo como reclamo, cando en realidade son negocios inmobiliarios: empresas que ofrecen espazo “alugable” para traballar, centros de negocios, oficinas; ou tamén empresas e entidades que como complemento á súa actividade principal ou como elemento de márketing, aproveitan as súas grandes instalacións físicas (entidades financeiras, empresas de servizos, e mesmo administracións públicas) polo mesmo negocio: alugar de espazo a terceiros; ou, quizais peor, cesión de espazo sen maior achega ao usuario; pero entrando en competencia (desleal quizais?) cos verdadeiros espazos de co-working.

E cales son eses verdadeiros espazos?

Pois son espazos físicos singulares, de pequena ou gran dimensión, xestionados por PEMES ou autónomos que, ademais de alugar “postos de

traballo” (xa que hai que garantir a viabilidade económica do espazo), facilitan a interacción entre as persoas que se incorporan, para fomentaren unha filosofía de colaboración, creatividade, desenvolvemento do talento e comunicación. Tentan “crear comunidade”

Cales son as súas vantaxes?

A máis obvia é que permite gozar de todas as vantaxes de ter unha “oficina” propia, con moitos menos custos (unha tarifa plana mensual moi reducida) e inmediatez de instalación. Pero hai outras importantes, como a flexibilidade, a colaboración, unha mellor adaptación ás novas modalidades de traballo (profesionais autónomos e “nómades tecnolóxicos”), encontro de distintas ideas, experiencias e competencias, oportunidade de ampliar a rede de contactos profesionais e unir forzas para novas ideas e proxectos.

E terá tamén inconvenientes?

Como case todo! Os inconvenientes teñen que ver coas individualidades e coas expectativas de cada usuario, pero por mencionar quizais algunha: ao ser na súa maioría espazos de plano aberto (sen tabiques divisorios nin paredes, para favorecer o interrelación) non todo o mundo ten capaci-

facilitan a interacción entre as persoas, a colaboración, a creatividade, o desenvolvemento do talento

dade de concentrarse, aínda que para a maioría dos nosos *coworkers* iso é un “mal menor”; así como as chamadas telefónicas: téntase concienciar (e todos son moi receptivos) do volume ao que hai que falar, pero de todos os xeitos, para temas “confidenciais” tamén se adoitan usar salas de xuntas das que se dispón.

Cal é o perfil ideal para traballar nun coworking?

En xeral, profesionais autónomos, pequenas empresas (está demostrado que para equipos de ata 8-10 persoas un espazo destes sae máis económico ca unha oficina), emprendedores, *startups*.... Tamén empregados por conta allea de empresas localizadas fóra do territorio galego, que atopan no noso espazo unha forma de “abrir mercado” sen incorreren ao principio en grandes investimentos. E despois están os “nómades tecnolóxicos” profesionais que poden traballar remotamente (hoxe a tecnoloxía facilitao todo) en calquera lugar; e notámolo especialmente no verán cando pasan polo noso espazo coworkers doutras zonas de España e estranxeiros de diversas profesións que necesitan un “espazo para traballar” por uns días ou uns meses, aínda que estean de vacacións coas súas familias; e aínda que sexa temporalmente, recoñecemos que axudan a enriquecer a nosa comunidade.

Que é o que fai diferente o voso espazo doutros coworkings?

Coworking-Vigo está centrado nos “negocios”; aquí convivimos empresas e persoas de perfil profesional moi experta con xente emprendedora que comeza en diversos sectores: consultoría empresarial, turismo, tecnoloxía, comercio electrónico, redes sociais, comunicación, decoración, fotografía, oratoria, inmobiliaria, avogados, ou fabricantes do sector ferramentas... xa ves que mestura!), pero coas mesmas expectativas de desenvolvermos e facer crecer ideas en negocios rendibles que ademais creen emprego no noso territorio. E niso poñemos o foco: en saber que facemos cada un dos que aquí estamos e, no posible, crear sinerxías e axudarnos entre todos de forma natural, a saír adiante, poñendo en común capacidades e habilidades de perfís moi diferentes. Mesmo cando comemos!, de feito temos un dito: “na cociña cócese cousas”; e é totalmente certo.

Xa cumpristes os tres anos de vida. Evolucionou moito dende os seus inicios?

Si, ao principio asumimos a idea -non hai por que mentir!- cun pouco de escepticismo. Foi a evolución natural dun grupo de profesionais moi inquieto e sempre atento ás tendencias; vinculado directa e indirectamente co mundo das ideas de negocio e o emprendemento. Era como dar forma “física” (un espazo) e un “título” (coworking) a algo que xa viñamos facendo desde hai anos. Hoxe estamos encantados e orgullosos, cada día é diferente, coñecemos de preto ideas, propostas e sobre todo persoas e profesionais dunha capacidade increíble, que non paran de loitar por sa-

profesional me movo nos ámbitos financeiro e corporativo, sempre sentín curiosidade polas novidades e tendencias que vinculan procesos, tecnoloxía e persoas en beneficio da sociedade. Cando descubrí a filosofía do verdadeiro coworking e este se converteu en tendencia, lin moito sobre como estaba a avanzar (no noso país e no mundo). Asistín a moitas reunións e convencións nacionais e convertínme en firme entusiasta. Páreceme unha forma de traballo, que vincula persoas e profesións da que todos obteñen vantaxes. Así que insistín e insistín, ata que os meus compañeiros de equipo tamén o viron; e aquí estamos! Gozando a diario de excelentes co-mpañeiros de espazo

convivimos empresas e persoas moi expertas con xente emprendedora que comeza

caren adiante co seu esforzo proxectos dos que Galicia debería sentirse orgullosa.

Como chegaches ti a este mundo?

Como filla de emigrantes galegos a Venezuela, sempre tiven esa “espiritual” dos que somos un pouco como “de todas partes”; son inqueda por natureza; e aínda que na miña vida

de traballo e transformando en apoio concreto a nosa admiración por eses profesionais e pequenos empresarios que logran facer dunha simple idea de negocio, auténticas empresas que axudan ao desenvolvemento económico de Galicia e a proxectan ao mundo.





Arroupados por centos de entidades e colectivos, sindicatos e representantes das forzas políticas da oposición parlamentaria, as plataformas Mina de Touro-O Pino NON e a Plataforma en Defensa da Ría de Arousa saíron ás rúas de Compostela para esixiren a paralización do proxecto que pretende reactivar a antiga mina de cobre, abandonada en 1986 sen ningún tipo de restauración. Para achegármonos a esta ameaza falamos con Verónica Mato, unha das voces que defende con afouteza o dereito a non vivir nun futuro envelenado.

Agora, a empresa Cobre San Rafael, participada pola multinacional Atalaya Mining e Explotaciones Gallegas, pretende recuperar a actividade mineira na zona ante a crecente demanda de cobre en certos países emerxentes como China. O proxecto conta co apoio e aprobación dos concellos de ambas as dúas vilas, máis non así da veciñanza.

As promesas de non contaminar o contorno non logran convencer a unha poboación que aínda sente os efectos da contaminación da antiga mina. Recentemente, Augas de Galicia confirmou nos resultados das análíticas solicitadas pola entidade ecoloxista Adegas, que todos os ríos e regatos que rodean a antiga mina de cobre están contaminados. Os informes da Sociedade Galega de Historia Natural tamén contradín o discurso no que empresa e concellos veñen apoiándose desde agosto do ano pasado.

Foi precisamente en agosto de 2017 cando os veciños de Touro e O Pino coñeceron, a través do DOGA, e non dos seus representantes políticos, a intención de reabrir a antiga mina. O prazo de alegacións estaba a piques de rematar, pero tras estudar o pro-

jecto, conseguiron mobilizar á opinión pública e presentar máis de 1500 alegacións en contra. “A medida que estudabamos o proxecto, máis nos asustabamos ao darnos conta do que querían facer” afirma Verónica desde a plataforma Mina Touro-O Pino NON.

E é que arredor do proxecto hai moitas mentiras e medias verdades, pois non se trata dunha simple reactivación ou reapertura, senón que,

Se a balsa rompe en poucas horas contaminaría toda a Ría de Arousa

de 197 hectáreas de mina histórica, Cobre San Rafael pretende explotar agora máis de 1000 hectáreas. Nesta e noutras moitas cuestións, mineira e veciños ofrecen versións enfrontadas.

E logo, que nos queda?

Dos 400 postos de traballo que se prometeron inicialmente, tan só restan un cento. Lonxe queda o tempo no que Alberto Lavandeira, con-



selleiro delegado da Atalaya, ironizaba con que non habería suficiente xente en Touro e O Pino como para cubrir todos eses postos: o novo informe, elaborado para Atalaya Mining por Alan C. Noble e que conta con 322 páxinas, tan só contempla a creación de entre 101 e 111 postos, dos que 15 corresponderían a persoal da multinacional. Ademais, estes empregos veñen con data de caducidade, pois a explotación mineira ten unha duración estimada de 15 anos.

A reactivación da mina provocaría o peche de numerosas explotacións gandeiras, a principal actividade económica da zona. Pero non só iso. O sector primario dá vida aos seguintes sectores, de maneira que moitas industrias e actividades económicas veríanse afectadas. Cobre San Rafael deféndese alegando que a actividade mineira e perfectamente compatible con outras actividades.

Porén, gandeiros e agricultores, amosan a súa preocupación e temen que, a costa de crear uns poucos postos de traballo, se destrúan outros miles. O negocio da Ría de Arousa podería verse afectado de producirse a contaminación do río Ulla. Desde a plataforma Verónica explica que “non hai cartos que puidesen compensar o que suporía destruír e contaminar a ría de Arousa, con todos os miles e miles de postos de traballo que produce, e todas as industrias vencelladas co mar”.

A todo isto hai que sumarlle o impacto que a actividade mineira ten sobre o patrimonio cultural e a paisaxe da zona, algo que cobra especialmente relevancia se temos en conta a afectación ao Camiño Francés. Desde a Fraternidade Internacional do Camiño de Santiago (FICS), amosan a súa preocupación: a paisaxe e o Camiño van da man, e unha explotación mineira ás portas de Compostela non é a mellor maneira de darlles a benvida aos peregrinos. A Asociación de



Hostalaría tamén rexeita o proxecto mineiro posto que o turismo rural é unha das actividades económicas máis importantes da zona.

“Non existe o risco cero”

Unha das consecuencias que máis polémica suscita é a creación de dúas balsas de lodos quilométricas, a escasos 200 metros da aldea de Arinteiro,

Soubemos do proxecto cando estaba piques de rematar o prazo de alegacións

e catro vertedoiros onde quedarían almacenados os residuos tras a extracción. Os veciños alertan de que o risco de rotura dos muros – máis elevados que as torres da Catedral– provocaría un desastre ecolóxico peor ca o Prestige. “Rompen unha media de dúas balsas deste tipo ao ano no mundo, polo que tamén podería romper aquí. Se esa balsa rompe, a auga baixaría polos regatos ao Ulla, e do Ulla pasaría á Ría de Arousa. Non existe o risco cero” alerta Verónica. Precisamente, este 2018 cúmprense

vinte anos do gravísimo accidente pola rotura da balsa mineira de Aznalcóllar, que afectou ao Parque Nacional de Doñana.

A estas preocupacións hai que sumarlle o uso de máis de 10000 toneladas de produtos químicos, algúns deles canceríxenos, e a presenza de pó no aire nun radio de ata 15 km., chegando a afectar a outros concellos como Santiago de Compostela ou Boqueixón, segundo advirte a SGHN. De feito, desde esta entidade sinálanse numerosas deficiencias no Estudo do Impacto Ambiental do proxecto posto que manexa informacións pouco rigorosas ou datos descontextualizados (censos gandeiros de 1999 e 2009) e non avalía axeitadamente o impacto sobre a fauna, a flora, a saúde e a economía.

Mentres que veciños, asociacións e outros colectivos ateigan as rúas de Compostela, a empresa segue a apoiarse nos poderes políticos e nos medios de comunicación hexemónicos para difundir o seu relato e vencer á opinión pública da inocuidade da actividade mineira. Tanto é así que a concentración, con máis de 80 000 asistentes segundo cifran os organizadores, non formou parte da axenda dos principais medios, onde houbo silencio parcial (cunhas escasas liñas) ou total.

O noso taboleiro Homenaxe a Alfonso Blanco



O día 8 de xullo, ás 12.00 h da mañá, na parroquia de Santa Mariña de Guitiriz, organízase unha homenaxe conxunta a Alfonso Blanco Torrado e aos “Da Lexía” -represaliados republicanos dos que o propio Alfonso recuperou a historia e a memoria. A obra de Valdi farase coas achegas de asociacións culturais da zona e de fóra dela (Irimia, Encrucillada, Asociación de Gaiteiros, Abril de Lume e Ferro, IESCHA, Cultura Aberta, Galería de Estudos do Baixo Ulla...), mesmo entidades e concellos (Castro de Rei, Guitiriz, Ponteceso, Rábade, Outeiro de Rei, Begonte...).

Pingas de orballo

ALFONSO BLANCO TORRADO

Baldomero Iglesias Dobarrio [Mero]

Alfonso Blanco Torrado é desas persoas atípicas e imprescindibles para que o mundo poida seguir a dar voltas moitas veces. Aínda sabendo da nosa torpe transcendencia, impedida pola torpe irreflexión dos nosos actos, que inventan barreiras que antes non existirían. Hai seres como Alfonso que facilitan o camiño e poñen luz para que se vexa. Eu coñecino cando veu para aquí, para cerca, para a miña Terra Chá e arredor dos eidos de Guitiriz. Anos setenta. Ninguén daba un peso por el, pois desde a infinita humildade era un transgresor impenitente das teorías e da moda que se levaba. Nado en Uruguai, pero urxentemente galeguizado en Tella,

Hai seres como Alfonso que facilitan o camiño e poñen luz para que se vexa

alá pola Ponteceso, de onde era a súa familia e a súa verdade de orixe. O que ninguén sabía, nin presentía, era que –ao mesmo tempo de non predicar co abuso do relato- era un practicante absoluto desa fe que move ceos e montañas e que é, finalmente, capaz de trocar o mundo.

Non vos contarei das trapeliñas dalgún bispo que quixo pararlle os pés.

Pararlle os pés a quen non anda sobre deles, a quen navega todos os días por riba das ridículas canles humanas baseadas na aparencia. El sabe e consegue así, caer na conta de que o único mandamento que fundamenta a humanidade é o mandamento do amor, o mesmo que se enche de obras e non de palabras, e día a día, paso a paso! Quixo parar o vento coa súa forza liberadora, na súa anovada fortuna de limpar o aire, e conseguiu. Con moitos problemas. Houbo –e nisto tivo especial confluencia Manuel María, lembro perfectamente as súas verbas: “por Alfonso hai que entrar a saco, en permanente loita”– un rexeitamento total contra aquel de Mondoñedo que non lembro (porque non quero) pero que tivo a “santa” ousadía da envexa e dunha pretendida represión con forza contra Alfonso. Conseguiu a oposición de todas e todos, mentres atendía o verdadeiramente importante. E así empezou Alfonso, poñendo feitos en vez das palabras, en vez de tantos fluídos discursos que nada din. Chegou facendo unha asociación cultural de inmersión, de inmersión no amor, na lingua, na cultura, na inclusión, nos proxectos, na música e a palabra, no afecto ao propio. Aprendendo a amar, desde nós, desde o Noso. Nada doado nunha vila como Guitiriz e arredores. El ben sabe que ese sentimento que congrega, constrúese



Pingas de orballo ALFONSO BLANCO TORRADO

Baldomero Iglesias Dobarrio [Mero]

desde dentro, desde abaixo, desde posicións tolerantes e implicadoras, desde a concentración e a complicidade. Acolleu aos non acollidos, incluíu aos excluídos, fixo comuñón cos arredados, e fíxoo desde o corazón e o entendemento. Hoxe está termando do mastro do barco, capitaneando miles de iniciativas, escribindo, coordinando, atendendo, lembrando o que ningún acorda, achegando entusiasmos, ...está xusto onde hai que estar!

Se o vedes por aí, fixédevos ben porque non fai ruído, case non toca o chan, vai de incógnito sen ocupar espazos, case sen ser detectado polos sensores das portas que abren automáticas os grandes edificios, semella invisible, anda sen arrogancia, sen luxo, pero espléndido nese aplicado silencio da imperceptibilidade cando, maxicamente, terma e dinamiza os eidos nos que brevemente habitamos. Esa é a súa grandeza. É cura, pero perdoámosllo. Porque é un cura que cura, mirade por onde! Cúranos da nosa tentación altiva, das excentricidades, das arrogancias superfluas, das aparatosas aparencias cando, as pobres, tentan ocultar a modesta e limitada condición que é innata en todas as persoas. Inventou Xermolos, o festival de Pardiñas, a Irmandade Manuel María, ...mil iniciativas que non se deñen senón pola ruindade de moitos. Afonso é inxenuo e inocente, feble e lixeiro. Pero tamén é invulnerable por-

que está no certo, nese requirimento exclusivo dos que poden baixar o ceo e facelo familiar e doméstico, dos que poden destruír as imposibilidades e facelas circunstanciais, anécdotas dun pacto de afinidade co sentir dos que teñen corazón. Por iso sae ileso das contendas, das dificultades, mesmo dos envelenamentos egoístas e enfermizos, das inxurias, dos agravios.

Acolleu aos non acollidos, incluíu aos excluídos, fixo comuñón cos arredados

A penas ve polos ollos -xa cansos de ver- e por mor da diabetes, pero sabe de memoria os comedidos discursos que debe pronunciar. Anda con dificultade após de varias caídas e das dificultades da visión, pero sabe á perfección cal é o camiño. Non se coida debidamente na saúde, e aínda que sempre lle roñemos, dinos que si, pero fai o que lle dá a gana. Pasa de nós, desde esa anarquía precisa de ser protagonista das propias dores e fames. E que máis vos podo dicir de Afonso? Pois que é o meu amigo, o grande embaixador de moitos soños compartidos, o cómplice que alimenta os desexos e a loita do día a día. Case nada, compañeiros!



REVISTA QUINCENAL DE CRENTEES GALLEGOS

IRIMIA

Megaminaría en Touro

Mina para hoxe, fame para mañá



Deputación
DA CORUÑA

EDITA: Asociación A. IRIMIA

Dende setembro de 1981

FEITO EN PAPEL RECICLADO

MESA DE REDACCIÓN: Daniel López Munoz, Luís Gómez Aldegunde, Pedro Pedrouzo Devesa, Rubén Rivas Vidal, Lidia Campos Chan, Lines Salgado Iglesias, José Antonio Martínez. Tlf. 986 10 49 45.

COLABORADORES: Victorino Pérez Prieto, Manolo Regal, Alfonso Blanco Torrado, Xosé Lois Vilar, Marta Sopena, Tareixa Ledo Regal, Clodio González Pérez, Xabier Blanco, Valentina Formoso Gosende, Antonio Pinto Antón, Carmen Soto, Rubén Aramburu, Marisa Vidal, Xan Guillén, Christina Moreira, Carlos Vázquez G., Teresa Souto Loira, Josecho de la Torre Culler, Lucía Santiago Díaz, Baldomero Iglesias Dobarrio (Mero), Lois Ferradás, Xaquín Campo Freire, Nieves Espiñeira Medin, Francisco Almuña, Alfonso Mascarriana, Antón Laxe, Ramón Díaz Raña, Olga Álvarez, Engracia Vidal Estévez, Manuel Arca e J.M. Barca López, Manolo G. Turnes.

CORRECCIÓN LINGÜÍSTICA: Lidia Campos Chan, Luís Aldegunde.

RECEPCIÓN DE ARTIGOS E COLABORACIÓN EN: revistairimia@asociacion-irimia.org

SUBSCRICIÓN: Apdo. 296 - 15704 Santiago de Compostela. Telf.: 615 464 095 / subscripciones@asociacion-irimia.org

Ordinaria: 30 Euros, de Apoio: 45 Euros. Cota de socio: 3 Euros.

PARA ASUNTOS DA ASOCIACIÓN NON RELACIONADOS COA REVISTA: asociacion-irimia@asociacion-irimia.org

CONTA: ABANCA ES63 2080 0349 8530 4000 5822 - Urbana, nº 8 - Santiago

DEPÓSITO LEGAL: C-1417-81 **TIRADA:** 650 exemplares

DESEÑO E MAQUETACIÓN: TallerDD (Ninfa, Riveiro, Martínez)

ISSN: 2172-9182


IMPRIME: TÓRCULO Artes Gráficas

DISTRIBÚE: IMPACTA

EDICIÓN ELECTRÓNICA: <http://asociacion-irimia.org/revista.html>



Boa Nova



Érguete!

Hoxe o relato evanxélico ten coma protagonistas a dúas mulleres que comparten unha experiencia de enfermidade que as oprime e as marxina da comunidade. O encontro con Xesús vainas liberar e integrar de forma nova, non só na sociedade, senón tamén na relixión.

Segundo as leis do Levítico as mulleres israelitas vivían a maior parte da súa vida en situación de impureza. O seu corpo, a súa sexualidade, os seus ciclos biolóxicos, os partos..., eran considerados como realidade contaminantes e contaminadas (Lv 15,19-25). Isto facía que as mulleres, desde a adolescencia á menopausia, se vían con frecuencia relegadas socialmente e en moitos momentos excluídas da relixión, e por tanto da relación con Deus por causa da súa impureza.

A muller que se achega a Xesús e lle toca o vestido, sabe que co seu xesto vai transmitirle a súa impureza. Pero a súa fe, non só a capacidade terapéutica de Xesús, senón, sobre todo, na súa palabra liberadora e integradora, danlle a forza necesaria para transgredir publicamente as normas sociais e relixiosas. O mestre acolle o xesto da muller e dille publicamente: *"a túa fe sandoute, vaite en paz, curada para sempre da túa doenza"*.

Xesús pasa por enriba das fronteiras entre o puro e impuro que definen a súa sociedade para posibilitar a integración e a dignidade desta muller. Non ten medo aparecer publicamente impuro para mostrar como Deus non se deixa atrapar por os límites nos que moitas veces os seres humanos o queremos encerrar.

Carme Soto

A hemorroísa tiña todas as desgrazas posibles: era muller no pobo xudeu (non contaba para nada, non tiñan dereitos, pertencía ao seu pai ou ao seu marido...), tiña a menstruación (era considerada impura, non podía entrar no templo...) e iso non uns días ao mes, senón sempre. Daquela pensaban que as doenzas eran castigos de Deus polos pecados propios ou dos pais, así que á pobre só lle faltaba que lle caese un raio na cabeza. E atención, Xesús para a falar con ela. E non só iso, senón que a cura e a libra desa condena. Seguro que rachou os esquemas de moita xente aquel día.

Os especialistas nos evanxeos opinan que os relatos coma este son dos máis cribles, precisamente porque a protagonista é muller, enferma e impura (aos ollos dos relixiosos de entón). Pero estaba entre as persoas preferidas por Xesús pola mesmas razóns. E se o pensamos, é unha grande nova para todos nós, que non somos perfectos nin o imos ser na vida, e por iso mesmo estamos nesa listaxe de preferidas.

Olga Álvarez

O ECO

DOMINGO 1 de xullo. XIII do Tempo Ordinario

A PALABRA Mc 5, 21-43


Naquel tempo, pasando Xesús de novo nunha barca para a banda de enfronte, xuntouse moita xente arredor del, que estaba na beira do mar. Nisto chegou un dos xefes da sinagoga, chamado Xairo, que, ao velo, botouse aos seus pés suplicándolle: «A miña filla está a piques de morrer; ven impor sobre ela as túas mans, para que sande, e viva.» E foise con el, seguido de moito xentío, que o estrullaba. Había unha muller, que padecía hemorraxias desde doce anos atrás, e levaba sufrido moito cos médicos, que lle acababan cos bens; total para nada, porque a cada paso ía a peor. Como oíra falar do que facía Xesús, achegouse entre a xente por detrás e tocoulle o seu vestido, dicindo para si: «Aínda que non sexa máis que tocarlle o seu vestido, ficarei sa». E secándoselle a fonte da hemorraxia, sentiu no seu corpo que estaba curada. (...)

A CLAVE

A PALABRA

Falando da lingua Sen comunicación...

Lidia e Valentina



Emisor: quen envía a mensaxe; **canle:** por onde se envía a mensaxe; **receptor:** quen recibe a mensaxe do emisor; **referente:** o que se evoca coa mensaxe; **código:** conxunto de signos cos que se forma a mensaxe; **contexto:** lugar onde se leva a cabo o proceso comunicativo. Pode existir o **ruído**, que é o que dificulta a comprensión da mensaxe por parte do receptor, e a **redundancia**, que son as artimañas que emprega o emisor para salvar o ruído e que a mensaxe poida chegar ao receptor. E a conto de que vén isto todo? Pois que con este sol a

miliars. Canto nos prestou, pero... Como non era para menos, fomos á misa grande. Misa cantada. O párroco chegou tarde; os oriúndos dixeron que iso pasaba o máis das veces porque o home leva unha chea de parroquias, non están cerca e el xa non é un rapaz..., que anda ao redor dos 80 (caso bastante habitual no noso rural). O caso é que empezou a celebración, había unha algarabía xeitosa alí fóra, que se fora incrementando coa espera. O señor cura desculpouse, en galego, e empezou a predicar, en castelán (comeza o ruído...). Non

quantar que arrabea, que caen os paxaros (queda ben clariño que nunca estamos a gusto...), empezou a ruta das festas do verán. E alá nos fomos a fin de semana a celebrar o patrón á casa duns fa-

atinaba a falar cara ao micrófono: a mensaxe do emisor non chegaba aos receptores polo ruído, máis ruído, o ruído entendido como alboroto, o que no plano lingüístico se entende como as interferencias que afectan ao proceso da comunicación. Pouco a pouco foise facendo o silencio. De vez en cando entendíase un “Nuestro Señor”; “Jesucristo” e pouco máis. Todos íamos de memoria... O caso é que nin a oración do “Noso Pai” demos rezado todos xuntos, cando uns ían, outros viñan. Ata os fogos da consagración se adelantaron.

Tampouco houbo redundancia, salvo pola linguaxe non verbal do emisor, non se deducía nada e nada se repetía. E cada vez gañaba máis puntos o ruído e perdíaos a comunicación. Aínda que aquí o referente estaba claro e o contexto axudaba a centrar a mensaxe, non sempre é así.

Na sociedade actual, cada vez comunícase peor, aínda que se practique moito o formato debate... porque debater agora é case como ir á misa. Cada un ao seu, di o que lle toca dicir, o que aprendeu para dicir ou o que sabe dicir... pero non comunica. Incluso sen ruído!

O Fachineiro dos libros

Contra todo isto

Hai pouco que Manolo Rivas presentou o seu último libro, titulado *Contra todo isto* e editado por Xerais. En Santiago, o acto quixo coincidir co primeiro partido da selección española no mundial, o que xa fixo unha criba interesante na audiencia. E Rivas agasallou os e as asistentes cun relato sobre mulleres e fútbol. El, dixo, agarda polo mundial do 2019, o mundial feminino que se celebrará en Francia. Non é de estrañar que a crítica do machismo sexa unha das liñas mestras desta obra que nace da vergoña, de vivir nun estado de



vergoña. Todo isto é a desigualdade, a precariedade, os muros e as fendas, a destrución do planeta, a corrupción, o belicismo, a ausencia de memoria histórica. Son conceptos que veñen collidos da man, porque son causas e consecuencias do mesmo bucle. A vergoña da que nace o seu libro non é paralizante, senón que convida a actuar, a cambiar e a resistir aos amos do mundo, que el imaxina nunha das súas reunións coma os gánsteres das películas de Scorsese. Di que é o seu libro máis literario, porque a literatura debe poñer a liberdade nas palabras. Imprescindible para irimegas e irimegos.

A.Q.